



**ADAPTACIÓN PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
BIOLOXÍA – XEOLOXÍA 1ºESO**

**CURSO 2019-2020
IES POETA AÑÓN**

ÍNDICE

1. Criterios e estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

1.1. Criterios e estándares de aprendizaxe imprescindibles.

1.2. Criterios e estándares de aprendizaxe desenvoltos no terceiro trimestre.

2. Avaliación e cualificación.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)

4. Información e publicidade.

1.1. Estándares de aprendizaxe imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1.1. Utilizar adecuadamente o vocabulario científico nun contexto preciso e adecuado ao seu nivel.	1.1.1. Identifica os termos máis frecuentes do vocabulario científico, e exprésase de xeito correcto tanto oralmente como por escrito.
3.1. Recoñecer a importancia da biodiversidade e as características morfolóxicas principais dos grupos taxonómicos.	3.1.Recoñece que os seres vivos están formados por células e realizan as funcións vitais. 3.1.1. Estima a importancia da biodiversidade e aplica criterios de clasificación dos seres vivos, relacionando os animais e as plantas máis comúns co seu grupo taxonómico.
3.6. Coñecer as características dos fungos e a súa importancia	3.6.1..Identifica os grupos en que se clasifican os fungos e as súas características.
3.7. Coñecer as características dos protistas	3.7.1. Recoñece a importancia ecolóxica das algas
3.8. Identificar as características das bacterias	.3.8.1.Coñece a importancia das bacterias e algúns hábitos saudables para previr enfermidades infecciosas.
3.5. Coñecer e definir as funcións vitais das plantas e a súa importancia para a vida, e caracterizar os principais grupos de plantas.	3.5.1. Detalla o proceso da nutrición autótrofa e relaciónao coa súa importancia para o conxunto de todos os seres vivos 3.5.2. Describe as características xerais e singulares dos principais grupos de plantas.
3.4. Caracterizar os principais grupos de invertebrados.	3.4.1. Asocia invertebrados comúns co grupo taxonómico ao que pertencen , identificando as características dos diferentes grupos taxonómicos.

3.4. Caracterizar os principais grupos de vertebrados	3.4.2. Recoñece exemplares de vertebrados e asígnalos á clase á que pertencen, describindo as principais características dos mesmos.
2.8. Analizar as características e a composición da atmosfera, e as propiedades do aire.	2.8.1. Recoñece a estrutura e a composición da atmosfera. 2.8.3. Identifica e xustifica con argumentacións sinxelas as causas que sustentan o papel protector da atmosfera para os seres vivos.
2.9. Investigar e recoller información sobre os problemas de contaminación ambiental actuais e as súas repercusións, e desenvolver actitudes que contribúan á súa solución.	2.9.1. Relaciona a contaminación ambiental coa deterioración ambiental, e propón accións e hábitos que contribúan á súa solución.
2.10. Recoñecer a importancia do papel protector da atmosfera para os seres vivos e considerar as repercusións da actividade humana nela	2.10.1. Relaciona situacións en que a actividade humana interfere coa acción protectora da atmosfera.
2.11. Describir as propiedades da auga e a súa importancia para a existencia da vida.	2.11.1. Recoñece as propiedades anómalas da auga en relación coas súas consecuencias para o mantemento da vida na Terra.
2.12. Interpretar a distribución da auga na Terra, así como o ciclo da auga e o uso que fai dela o ser humano.	2.12.1. Describe o ciclo da auga en relación cos seus cambios de estado de agregación
2.14. Xustificar e argumentar a importancia de preservar e non contaminar as augas doces e salgadas.	2.14.1. Recoñece os problemas de contaminación de augas doces e salgadas, en relación coas actividades humanas

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: Céntrase na observación da actividade do alumnado na aula virtual Edixgal Revisión das tarefas entregadas. Análise da participación nos foros de dúbidas.</p>
	<p>Instrumentos: Tarefas escritas. 1. Elaboración de traballos que deben chegar dentro dun prazo. 2. Tarefas de resolución de actividades que deben resolver directamente no momento de ser entregadas. Cuestionarios. 1. Autoavaliáveis de aprendizaxe que permiten varios intentos e a observación dos resultados. 2. De intento único con data e tempo de execución limitados.</p>
Cualificación final	<p>1. Alumnado con avaliacións suspensas. A nota base será a media aritmética das tarefas de reforzo realizadas sobre estándares das dúas primeiras avaliacións. A esta nota sumarase un punto se realizan as actividades de reforzo e ampliación indicadas para o alumnado coas avaliacións aprobadas. Aprobando a materia se acadan unha nota de 5 ou superior.</p> <p>2. Alumnado coas dúas avaliacións aprobadas. A nota base será a media aritmética das dúas primeiras avaliacións. A esta nota sumarase un punto se a media de todos os instrumentos empregados é superior a 5 e de dous puntos se é superior a 8.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>A proba estará baseada nos estándares imprescindibles dos dous primeiros trimestres xa indicados. De forma presencial ou telemática segundo as circunstancias o permitan.</p>
Avaliación de materia pendentes	<p>Criterios de avaliación: Non hai neste nivel</p>
	<p>Criterios de cualificación:</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>Empréganse actividades de aprendizaxe autoavaliables.</p> <p>Tarefas escritas.</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Elaboración de traballos que deben chegar dentro dun prazo. 2. Tarefas de resolución de actividades que deben resolver directamente no momento de ser entregadas. <p>Cuestionarios.</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Autoavaliables de aprendizaxe que permiten varios intentos e a observación dos resultados. 2. De intento único con data e tempo de execución limitados.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	<p>Durante o período inicial de suspensión de clases realizáronse actividades de repaso dos estándares imprescindibles para todo o alumnado.</p> <p>A partir do mes de maio fomos simultaneando actividades de repaso e recuperación centradas no alumnado con avaliacións suspensas con outras de ampliación.</p> <p>Tamén usamos os foros e a mensaxería da aula virtual Edixgal para transmitir instrucións e resolver dúbidas ao longo de todo o día.</p>
Materiais e recursos	<p>As actividades foron todas realizadas empregando a aula virtual Edixgal.</p> <p>Cuestionarios de elaboración propia en Moodle.</p> <p>Os foros e a mensaxería interna foron de gran utilidade para enviar información ao alumnado e resolver as dúbidas.</p>

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	O alumnado é informado empregando o curso de Bioloxía e Xeoloxía que seguen dentro da aula virtual Edixgal. Os requisitos mínimos para aprobar e o procedemento de avaliación serán expostos dentro do mencionado curso. As familias terán acceso a este documento na páxina web do IES e poderán facer as consultas que consideren empregando a menxaxería de Abalar de non ser posible a atención presencial.
Publicidade	No departamento de Bioloxía e Xeoloxía dentro do bloque de departamentos da páxina web do IES ao lado da programación do curso 2019/20 xa exposta.

